

# **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS**

**DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2022**

Na Sala Branca do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezoito de outubro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 17/09/2019, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogaís: D. Álvaro Penas Cascón (suplente de Dna. M<sup>a</sup> De la O Fernández González)

D. Isidro Fernández Portas

D. Ángel Cardalda Mosquera

D. José Ramón Santorum Canto

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro

Excusa a súa asistencia o Sr. vicepresidente, D.Álvaro Carou García.

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión ordinaria do día cinco de setembro de dous mil vinte e dous e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO VINTE DE XULLO AO TRINTA DE SETEMBRO DO PRESENTE ANO.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do vinte de xullo ao trinta de setembro do presente ano, relativas a:

### **Mes de xullo :**

#### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

Non existen

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 26/07/22** .-“1.- Adjudicación as empresas que a continuación se relacionan os gastos da organización da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA 2022 a través dun contrato menor de servizos e subministrados, por importe total de 4.410,02 € (IVE incluído):

<b>PROVEEDOR</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>PARTIDA</b>
AMBULANCIAS DO NORDES, S.L.	Servizo ambulancia	450,00 €	342-226,09
BAYGAR, S.L.	Aluger de valadas	1.282,60 €	342-226,09
MULTISPORT GALICIA, S.L.U.	Camisetas agasallo	1.128,33 €	342-226,09
BARRAL NUÑEZ, MAR	Trofeos	480,00 €	342-226,9901
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis. Med./trof.	<u>1.069,10 €</u>	342-226,9901
Total		4.410,03 €”	

**C.- Recoñecementos de obriga:**

Non existen

**D.- Outros:**

Non existen

**Mes de agosto :**

**A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 04/08/2022** -“1.- Autorización á Federación Galega de Baloncesto, o uso do Pavillón Municipal de Castela, para a realización dun curso de adestradores de baloncesto, os vindeiros días 2, 3 e 4 de setembro do presente ano, no horario que a continuación se indica:

<b>DÍA</b>	<b>HORAS</b>
02/09/2022	16:00-21:00 horas
03 e 04/09/2022	09:00–14:00 horas 16:00–21:00 horas

Así como, comunícaselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfecto que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

2.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (**Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes –**

**30001 SOLICITUDE XENÉRICA**, a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade

Así como lémbra-selle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.”

- **2ª Resolución con data 04/08/2022** -“1.- Remisión da solicitude do club BBT Castrobikes de autorización do percorrido do CAMPIONATO GALEGO DE ENDURO DE MOUNTAIN BIKE á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe relativo á presenza durante a saída e chegada dos participantes có fin da seguridade dos mesmos e manter a seguridade vial durante o transcurso dos tramos de camiño e volta ao monte Xiabre, previa a súa aprobación, se procede.

2.- Faise constar que o Club presenta o certificado da Federación Galega de Ciclismo en relación aos seguros obrigatorios de Responsabilidade Civil e Seguro de Accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

Autorizacións do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural e das correspondentes Comunidades de Montes, previa á aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.- Aprobar a cesión do arco hinchable e rolos de cinta (marcaxe do percorrido) para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Concellería de Promoción Económica, autorización de uso do Recinto Fexdega.

. Departamento de Obras, a cesión e instalación dun palco con dúas rampas, cesión de valados, mesas, cadeiras e carpas para a atención aos participantes na devandita proba.

. Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a colaboración dos Departamento da Policía Local e Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, para a súa colaboración de acordo ao seu escrito.

- **3ª Resolución con data 05/08/2022** -“1.- Autorización ao Club Arosa, S.C. o uso do Campo de Fútbol Municipal A Lomba, para levar a cabo os encontros amigables do equipo senior e xuvenil, o vindeiro día 6 de agosto as 19:00 horas (equipo senior) e o 15 de agosto as 12:00 horas (equipo xuvenil). Así como, comunicarlle que o 15 de agosto é festivo, polo que xerará a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 16,45 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que a actividade debe contar co seguro de accidentes conforme a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia ou coa certificación da Federación Galega de Fútbol conforme os deportistas posúen licenza federativa en vigor.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.”

- **4ª Resolución con data 09/08/2022** -“1.- Aprobación a coorganización co Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do XVIII MEMORIAL ADOLFO PEDRIDO DE XADREZ

2022, o vindeiro día 24 de setembro do presente ano, no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

2.- Aprobado a creación dun Comité Organizador, onde estará representado o Club/Entidade Deportiva solicitante e a Fundación de Deportes, con un representante de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.

3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, debendo indicar o Club solicitante ao seu representante.”

- **5ª Resolución con data 11/08/2022** -“1.- Autorización ao CLUB VILAROUA XIMNASIA RÍTMICA Vi o uso do Pavillón Municipal da Torre, para adestramentos da pretempada 2022-23, durante o mes agosto e setembro ata o comezo do curso escolar do presente ano, de luns, mércores e vernos, de 10:00-13:30 horas, excepto os días que sexan festivos.

2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.

4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

6.- Faise constar que o club solicitante xa presentou o certificado da Federación Galega de Ximnasia coas licenzas federativas en vigor, así como a póliza de Responsabilidade Civil no rexistro WEB 2022001178 na súa solicitude de adestramentos para a tempada 2022/23.”

- **6ª Resolución con data 11/08/2022** -“1.- Autorización ao Club San Martín Vilaxoán o uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, para adestramentos da pretempada 2022-23 do seu equipo senior, do 26 de xullo ao 30 de agosto do presente ano, de 21:00-22:30 horas. Así como, o uso da devandita instalación os sábados 6, 13, 20 e 27 de agosto e o 3 de setembro, para a celebración de encontros amigables con diferentes equipos da comarca.  
2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.  
3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.  
4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.  
5.- Faise constar que o club solicitante xa presentou o certificado da Federación Galega de Fútbol coas licenzas federativas en vigor, así como o certificado de devandita Federación conforme o club está incluído na súa póliza de Responsabilidade Civil.”
- **7ª Resolución con data 11/08/2022** -“1.- Autorización ao Club Atlético Arousana o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para adestramentos da pretempada 2022-23 do seu equipo senior, a partir do 2 de agosto do presente ano, de 20:00-21:30 horas ½ campo.  
Así como, o uso da ximnasio de musculación do citado Complexo, os mécores na mesma franxa horaria, debendo cumprir coas seguintes normas:
  - Presenza dun adestrador titulado durante toda a permanencia dos xogadores no ximnasio.
  - Uso obrigatorio de toalla para cada usuario.
- 2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.  
3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser

comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

5.- Faise constar que o club solicitante xa presentou o certificado da Federación Galega de Fútbol coas licenzas federativas en vigor, así como o certificado de devandita Federación conforme o club está incluído na súa póliza de Responsabilidade Civil.”

- **8ª Resolución con data 11/08/2022** -“1.- Autorización ao Club Arosa S.C. o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para adestramentos da pretempada 2022-23 dos seus equipos de base, durante a tempada estival ata o vindeiro día 22 do presente mes, na seguinte franxa horaria:

<b>DIAS</b>	<b>HORARIO</b>
Luns, mércores e venres	17:00-20:00 e de 21:30-23:00 horas campo enteiro 20:00-21:30 horas ½ campo
Martes	18:30-21:30 horas
Xoves	17:00-21:30 horas

2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

5.- Faise constar que o club solicitante xa presentou o certificado da Federación Galega de Fútbol coas licenzas federativas en vigor, así como o certificado de devandita Federación conforme o club está incluído na súa póliza de Responsabilidade Civil.”

- **9ª Resolución con data 26/08/2022** -“1.- Ratificación da autorización ao Basket Base Club, para a celebración do TORNEO SOCIAL DE VERÁN, do 11 de xullo ao 20 de

agosto, excepto os días que sexan festivos, de luns a venres, os días e horas que a continuación se indican:

<b><u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORAS</u></b>
Pavillón nº2	11/07-20/08/2022	20:30-22:30 horas
Excepto os seguintes días que utilizaron:		
Pavillón nº1	26/07/2022	20:30-22:30 horas
Pavillón nº 2	17/08/2022	19:00-22:30 horas
	19/08/2022	18:30-22:30 horas

2.- Comunicarlle que conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor e o Convenio Económico de Actividades Federadas, asinado con esta Fundación de Deportes, dado que esta actividade non é considerada unha actividade federada, non se pode aplicar a bonificación do 100% dos prezos públicos correspondentes. Facéndose constar que o club presentou o número total de inscristos no devandito Torneo (126 xogadores/asx35,00 €/inscrición) para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso dos citados Pavillóns (no periodo do 11 de xullo ao 20 de agosto do presente ano), segundo o que establece o artigo 8 do citado Acordo Regulador que a continuación se indica.

#### **“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

##### **TARIFAS:**

Tarifa Mínima % S/Ingresos

	<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
<b>Instalacións interiores .....</b>	<b>9,00</b>	<b>10%</b>

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.”

Polo que para o cálculo do prezo público considerase por un lado o uso da citada instalación, sendo as cotas do prezo público correspondentes conforme ao sinalado no parágrafo anterior, por importe de 517,50 € (de 2 horas x 25 días, máis 3 horas 30 minutos do día 17 de agosto e 4 horas do día 19 de agosto, que fan un total de 57 horas e 30 minutos a 9,00 €/hora); por outro lado o 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición. por importe de 441,00 € (35,00 € cota de inscrición x 126 xogadores/as, que fan un importe total de 4.410,00 €). En consecuencia deberá ingresar un importe total de 958,50 € (517,50 € polo prezo público do uso das instalacións deportivas + 441,00 € polo 10% dos ingresos totais recadados pola solicitude de inscrición), na conta da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053).

3.- Faise constar que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento, o devandito clube, presentou a seguinte documentación:



3.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

3.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).”

**B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

Non existen

**C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 04/08/22** .-“1.- Aprobación do abono en nómina dun plus de produtividade, por importe correspondente aos días exercidos como encargado Accidental do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, periodo do 29 de xullo ao 13 de outubro do presente ano, do complemento por importe de 319,71 €/mes (cantidade que recibe o encargado do servizo de mantemento como complemento por exercer esta función), sen que o mesmo sexa descontado ao Encargado titular por ter dereito a causar baixa por enfermidade no seu posto de traballo, con cargo á aplicación presupostaria 342-130,0205.  
2.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Persoal, para o seu coñecemento.
- **2ª Resolución con data 22/08/2022** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, mes de xullo, por importe total de 3.797,79€.”
- **3ª Resolución con data 22/08/2022** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de xullo , de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 23.364,92 €, que a continuación se relacionan:  
1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000018022F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de xuño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra.

interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000017322F correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xuño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERIGAL, S.L., pola factura nº 20220341, correspondente á adquisición de viseiras da expedición participante nos XIV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, ano 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/06/2022, por importe de 81,16 €, con cargo á partida 322-226,09.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERIGAL, S.L., pola factura nº 20220342, correspondente á adquisición de agasallos para os participantes no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Actividades deportivas de inverno e verán, ano 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/06/2022, por importe de 541,60 €, con cargo á partida 3422-226,01.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000018822F correspondente ao reforzo da limpeza do CEIP A Escardia, na que se levan a cabo as actividades de loxa e Estiramientos e Relaxación, do Proxecto de Actividades Físico Recreativas de Adultos, ano 2022, mes de xuño, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 02/01/2022, por importe total de 127,53 €, con cargo á partida 342-227,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44897041, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395005, para os 71 persoas inscritas no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcia, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 261,91 €, con cargo á partida 342-224,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44897040, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395013, dos 33 inscritos nas ESCOLAS DE NAVEGACIÓN 2022, MODALIDADE PIRAGUISMO E REMO, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/07/2022, por importe de 368,53 €, con cargo á partida 342-224,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44897043, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395000, dos 40 inscritos nas ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 86,64 €, con cargo á partida 342-224,00.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44897042, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395016, dos 60 inscritos na actividade de MOVEMENTO INTELIXENTE, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 259,75 €, con cargo á partida 342-224,00.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22193, correspondente as segas extraordinarias realizadas no terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, mes de xuño, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantar o reparo suspensivo da interventora/delegada da adxudicación do Contrato Menor de Mantemento Vexetal dalgunhas instalacións deportivas e na que se aprobou o prezo unitario de cada sega extraordinaria a maiores por semana, por importe de 356,01 €, con cargo á partida 342-227,9902.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22200, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de xuño, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantar o reparo suspensivo da interventora/delegada da súa adxudicación, por importe de 3.570,00 €, con cargo á partida 342-227,9902.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44921571, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395000, dos 6 inscritos a maiores na ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 13,00 €, con cargo á partida 342-224,00.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A22223 , correspondente ao subministro 20 m<sup>3</sup> de area de silice, traballos de mantemento extraordinario (areado) no terreo de xogo do Estadio Municipal de A

Lomba, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022, por importe de 1.495,00 €, con cargo á partida 342-210,00.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44923416, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395475, dos 72 inscritos no XX TORNEO DE TENIS DE VERÁN, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 19/07/2022, por importe de 389,66 €, con cargo á partida 342-224,00.

15.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44943415, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395005, para as 3 persoas inscritas a maiores no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcía, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 11,08 €, con cargo á partida 342-224,00.

16.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 59, correspondente á adquisición de 9 trofeos, pola celebración do I TORNEO LETRAS GALEGAS E ITORNEO SANTA RITA DE FUTBOL, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 13/05/2022, por importe de 168,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

17.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 60, correspondente á adquisición de 135 medallas pola celebración do IV TORNEO DE XIMNASIA RÍTMICA, ano 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/06/2022, por importe de 243,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

18.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 61, correspondente á adquisición de 150 medallas para a celebración da MACROEXHIBICIÓN DE TAEKWONDO DE SANTA RITA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 08/06/2022, por importe de 270,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

19.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44953785, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395000, dos 2 inscritos a maiores na ESCOLA MULTIDEPORATIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 4,33 €, con cargo á partida 342-224,00.

20.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44947421,

correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395005, para as 3 persoas inscritas a maiores no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcia, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 11,08 €, con cargo á partida 342-224,00.

21.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 72, correspondente á adquisición de 30 trofeos, pola celebración da SEMANA GALEGA DE VELA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/06/2022, por importe de 545,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

22.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U., pola fra. Nº 151-1-07/69, correspondente á adquisición do avituallamento, para o desenvolvemento da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCIA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022, por importe de 456,35 €, con cargo á partida 342-226,09.”

- **4ª Resolución con data 22/08/2022** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, parte do mes de xullo, por importe total de 776,72 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente.”

- **5ª Resolución con data 30/08/22** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, polos xustificantes de gastos da asistencia ao Curso Formativo “DEPORTE E SAÚDE MENTAL”, aprobados pola Resolución do Sr. presidente con data 30/06/2022, por importe total de 82,66 € e, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
Locomoción	54,76 .-	342-231,20
Dietas/manutención	<u>27,90 .-</u>	342-230,20
Total .....	82,66 €”	

- **6ª Resolución con data 30/08/2022** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa MENSALNES, S.L. (MRW), pola factura 03302A069054, polo envío de 2 bandeiras representativas do Concello de Vilagarcía de Arousa Maia (Portugal), con motivo da participación do Equipo de Atletismo da Fundación de Deportes nos XIV Xogos do Eixo Atlántico, por importe total de 19,09 €, con cargo á partida 342-226,09. Así como aprobar o endoso do seu pagamento a D. Juan Miguel Doval Blanco, dado que o seu pago foi adiantado por él.”

- **7ª Resolución con data 30/08/2022** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondentes á relación de facturas anteriormente sinaladas, dos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, dos

periodos do 08/01/2022 ao 07/06/2022, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións con datas indicadas anteriormente e, que foron remitidos a este OAAA con data 30/08/2022, por importe total de 1.143,85 €, con cargo á partida 342-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.”

- **8ª Resolución con data 30/08/2022** -“1.- Aprobación o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, mes de agosto, por importe total de 2.900,60€.”
- **9ª Resolución con data 30/08/2022** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de agosto, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 39.419,22 €, que a continuación se relacionan:
  - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L., pola factura nº 22 382, correspondente a prestación do servizo de ambulancia, pola celebración da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022, por importe de 450,00 €, con cargo á partida 342-226,09.
  - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000020322F correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xullo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.
  - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000021022F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de xullo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.
  - 4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MULTISPORTSGALICIA, S.L., pola factura nº Emit-209, correspondente a adquisición de camisetas como agasallo para os

participantes na proba, pola celebración do XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022, por importe de 1.128,33 €, con cargo á partida 342-226,09.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45004265, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395013, pola inscrición a maiores na ESCOLA DE NAVEGACIÓN 2022, MODALIDADE PIRAGUISMO E REMO período 02/08-01/09/2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/07/2022, por importe de 5,52 €, con cargo á partida 342-224,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45004264, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395000, pola inscrición a maiores na ESCOLA MULTIDEPORATIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 4,34 €, con cargo á partida 342-224,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45004263, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395005, pola inscrición a maiores no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcia, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 3,69 €, con cargo á partida 342-224,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000022022fF, correspondente a realización da limpeza extraordinaria e desinfección dos vestiarios do baixo do auditorio, pola celebración do XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022 e, conforme ao informe do Sr. director Deportivo, por importe de 20,75 €, con cargo á partida 342-226,09.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, pola factura nº 361, correspondente á contratación do seguro e desenvolvemento da ESCOLA MUNICIPAL DE NAVEGACIÓN, MODALIDADE DE VELA 2022 para os 46 alumnos/as inscritos, aprobado pola Resolucions do Sr. presidente con data 12/07/2022, por importe total de 2.576,00 €, con cargo ás partidas 342-224 e 342-227,9901 respectivamente.

10.- Recoñecemento da obriga a favor de ANDACAR 2000,S.A, pola factura nº V220 11086, correspondente ao subministro dun VEHÍCULO PARA A FUNDACIÓN DE DEPORTES, A TRAVÉS DUN RENTING CON MANTEMENTO, PERIODO 20-

31/07/2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/07/2022, por importe total de 200,86 €, con cargo á partida 342-204,00.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22237, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de xullo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantar o reparo suspensivo da interventora/delegada da súa adxudicación, por importe de 3.570,00 €, con cargo á partida 342-227,9902.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A22262 , pola REALIZACIÓN DAS 2 SEGAS EXTRAORDINARIAS A MAIORES NO ESTADIO MUNICIPAL DE A LOMBA, mes de xullo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, por importe de 356,01 €, con cargo á partida 342-227,9902.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45023691, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395013, pola inscrición a maiores na ESCOLA DE NAVEGACIÓN 2022, MODALIDADE PIRAGUISMO E REMO, período 08/08-01/09/2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/07/2022, por importe de 4,44 €, con cargo á partida 342-224,00.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45023690, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395000, polas 2 inscricións a maiores na ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 8,66 €, con cargo á partida 342-224,00.

15.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45023689, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395005, polas 3 inscricións a maiores no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcía, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 11,08 €, con cargo á partida 342-224,00.

16.- Recoñecemento da obriga a favor da CLUB PIRAGUISMO VILAGARCÍA, pola factura nº Emit 4, polo desenvolvemento da ESCOLA MUNICIPAL DE NAVEGACIÓN, MODALIDADE DE PIRAGUISMO, mes xullo, aprobada pola Resolucións do Sr. presidente con data 15/07/2022, por importe total de 1.100,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.



17.- Recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, S.L., pola fra. Nº PON-1653, polo CONTROL TÉCNICO COMITÉ GALEGO DE XUICES, CANON E LICENZAS dun día dos participantes non federados da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022 e, conforme ao informe do Sr. director Deportivo, por importe de 619,56 €, con cargo á partida 342-226,09 e 342-224,00 respectivamente.

18.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BARRAL NUÑEZ, MAR, pola fra. Nº 18, correspondente á adquisición de trofeos, pola celebración da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022, por importe de 480,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

19.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BARRAL NUÑEZ, MAR, pola fra. Nº 16, correspondente á adquisición de 20 METOPAS, AGASALLOS COA IMAXE INSTITUCIONAL NOS ACTOS PROTOCOLARIOS DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022, por importe de 500,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

20.- Recoñecemento da obriga a favor de D. REY SILVA, ALBERTO, pola factura nº 07/2022/001, correspondente ao servizo de Speaker, na celebración da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022 e, conforme ao informe do Sr. director Deportivo por importe de 169,40 €, con cargo á partida 342-226,09.

21.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000023322F correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

22.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000024022F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do

expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.”

- **10ª Resolución con data 30/08/2022** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, mes de agosto, por importe total de 13.517,84 €, con cargo ás partidas 342-221,00.”

#### **D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 09/08/22** .-“1.- Aprobación por urxencia os Criterios/Normas para a elección dos “PREMIOS ANUAIS Á/O MELLOR DEPORTISTA LOCAL, TEMPADA 2021/22 OU ANO 2021”, así como o modelo de proposición do mesmo/a.

2.-Abrir o prazo de presentación das candidaturas dende o día 9 de agosto ao 11 de setembro do presente ano(ambos inclusivos).”

- **2ª Resolución con data 26/08/2022** -“1.- Aprobación das 10 solicitudes de inscrición do Programa Activo MAIORmente de Verán incluído no Proxecto de Actividades Verán Deportivo Vilagarcía, ano 2022, presentadas no prazo extraordinario aberto ata que se cubran as prazas vacantes, periodo do 5 de xullo ao 18 de agosto do presente ano (listado de rexistros do nº 71 ao nº 80).”

- **3ª Resolución con data 29/08/2022** -“1.- Aprobación das 12 solicitudes de inscrición da Escola Multideportiva de Verán incluído no Proxecto de Actividades Verán Deportivo Vilagarcía, ano 2022, presentadas no prazo extraordinario aberto ata que se cubran as prazas vacantes, periodo do 4 de xullo ao 19 de agosto do presente ano (listado de rexistros do nº 42 ao nº 53).”

#### **Mes de setembro :**

##### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 01/09/2022** -“1.- Autorización á Asociación Deportiva e Cultural Encestariás, para a celebración VII TORNEO ENCESTARÍAS, o uso dos Pavillóns do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, no seguinte horario:

<b><u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u></b>	<b><u>DÍA</u></b>	<b><u>HORARIO/CONCEPTO</u></b>
Pavillón nº 1	08/09/2022	09:00-14:00 horas (montaxe) 16:00-23:00 horas (montaxe)
	09/09/2022	09:00-14:00 h. (desenvolvemento) 16:00-23:30 h. (desenvolvemento)
	10/09/2022	09:00-23:00 (desenvolvemento)
	11-12/09/22	Horario de apertura da instalación (desmontaxe)

Pavillón nº 2	09/09/2022	20:00-21:15	horas	(quencemento equipos 2º partido)
	10/09/2021	19:00-20:15	horas	(quencemento equipos 2º partido)

No relativo á solicitude de autorización do uso pavillón nº 2 para adestramentos, os vindeiros días 09-10/09/2022 en horario de mañá, deberá na maior brevidade posible presentar os horarios de uso, para a súa aprobación, se procede, pola Dirección Deportiva.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que non é posible acceder a súa solicitude de autorización da montaxe do graderío nos fondos do pavillón nº1, polo que se solicitará ao Departamento de Obras 80 cadeiras de plástico como substitución do graderío solicitado.

4.- Trasladar á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación se procede, das solicitudes de:

- . Autorización do uso da Praza Ravella, para levar a cabo o Acto de Presentación previsto para vindeiro día 6 do presente mes, ás 13:00 horas, conforme o informe da policía local.

- . Autorización para a colocación de 3 pancartas nas vías de acceso a cidade.

5.- Aprobar a cesión de 10 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

6.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Departamento do Auditorio:

- . Acto de presentación (06/09/2022-Praza Ravella), cesión dun Equipo de Son.

- . Desenvolvemento , cesión de 50 cadeiras para os banquillos.

Servizo de Electricidade do Concello.- A colocación de enchufes en todos os vestiarios.

Departamento de Obras:

- . Acto de presentación (06/09/2022-Praza Ravella), cesión dun palco de 4x4 m<sup>2</sup> e 50 cm de alto e, a cesión de 30 cadeiras.

. Desenvolvemento, a cesión de 180 cadeiras de plástico, 15 valadas e, o uso do camiión para o traslado do material loxístico da organización, debendo na maior brevidade posible concretar o horario que precisan.

Área de Comunicación.- O deseño de cartelería e colocación da mesma en zonas de alta visibilidade e da realización de 3 lonas xenéricas para colocar nas entradas ao Concello (solicitadas polo Club/Entidade Deportiva ao propio departamento).

Departamento da Policía Local.- A reserva de estacionamento para os autobuses.

Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.- A colaboración coa súa ambulancia e seu persoal necesario, para o desenvolvemento do citado evento.

7.- No relativo a dotar a instalación de wifi temporal para o desenvolvemento do devandito evento, comunicarlle que a instalación xa conta cunha municipal, de non chegarlle a capacidade da mesma, o club organizador debe ser o que contrate a wifi temporal.

8.-Autorizar o acotamento dunha zona lateral do aparcamento principal do CDM de Fontecarmoa para os vehículos da organización, tendo que dispoñer dun cartel indicativo.

9.- Autorizar a colocación dunha lona publicitaria, entre as columnas do porche do Pavillón nº1.

10.- Autorizar o uso do local destinado a cafetería do pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, cumprindo coa lexislación vixente na materia.

11.- Conceder 6 trofeos para entrega de trofeos.

12.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios e bancadas do Pavillón nº 1 do C.D.M. de Fontecarmoa o día 10 do presente mes.

13.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

14.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

14.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

14.2) Plan de autoprotección do evento no pavillón Nº 1 asinado polo Técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento.

14.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

14.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

14.5) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

14.6) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

15.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente, co cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc. en relación ao tema.”

- **2ª Resolución con data 14/09/2022** -“1.- Autorización en precario ao Club Arosa, S.C. o uso do Estadio Municipal de A Lomba, para levar a cabo os encontros de Liga de División de Honra do seu equipo Xuvenil A, na tempada 2022/23, sempre e tanto que

non haxa coincidencia de máis encontros ese fin de semana e, no seu caso, dependerá das condicións atmosféricas, as cales poderán conlevar o desvío a outro Campo de Fútbol Municipal o encontro do seu equipo xuvenil A. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.”

- **3ª Resolución con data 14/09/2022** -“1.- Autorización en precario aos Sres/as. Lastra, Lorenzo, Mocidade da Torre....o uso dos Pavillóns Municipais, os días e horas que a continuación se indican, a partir do día da semana sinalado por cada un, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado por cada un deles/as do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

<b><u>REPRESENTANTE</u></b>	<b><u>INSTALACIÓN</u></b>	<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORAS</u></b>
D. MARIO LASTRA GAMARRA	Pav. M. de FAXILDE	LUNS	22:00-23:00 h.
D. JOSÉ RAMÓN REY REY (e/r do G.F. MOCEDADE DA TORRE-83)	Pav. M. da TORRE	LUNS	21:00-22:00 h.
DNA. ELVIRA LORENZO BERNARDEZ	Pav. M. da TORRE	DOMINGOS	09:30-11:30 h.

2.- Comunicarlles que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné Fundación e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (todos aqueles grupos que non a teñan ingresada ou solicitaran a súa devolución en tempadas anteriores), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunicalo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), así como indicar aquelas persoas que posúan Carné da Fundación de Deportes, que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoselles automaticamente a súa autorización.”

- **4ª Resolución con data 14/09/2022** -“1.- Autorización ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso do pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa os días 15 e 16 do presente mes, de 17:30-21:30 horas. Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
- 2.- Comunicarlle que os citados días, os horarios concedidos para adestramentos, tempada 2022/23 ao devandito Club das instalacións deportivas: Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e Pavillón Municipal Castelao, que coincidan coa presente solicitude, autorizaraselles á Agrupación Deportiva Cortegada, para que non se vexa perxudicado na súa planificación polo desenvolvemento do citado evento.
- 3.- Aprobar a cesión de 2 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.
- 4.- Trasladar ao departamento de obras do Exmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, a cesión de 40 cadeiras, para a súa aprobación se procede:
- 5.- Autorizar a colocación dunha pancarta, entre as columnas do porche ou no interior do Pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.
- 6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
- 7.- Comunicarlle que previo ao inicio da celebración da citada actividades ( data límite antelación de 72 horas), deberá presentar seguinte documentación:
- 7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.
- 7.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.
- 7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.

Así como lémbra-selle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

- **5ª Resolución con data 15/09/2022** -“1.- Autorización á ANPA SAN MARTIÑO DE SOBRAN do CEIP de Vilaxoán, o uso do pavillón Municipal de Faxilde, para poder levar a cabo o desenvolvemento de actividades extraescolares indicadas no seu escrito, curso 2022/23, os luns, martes, xoves e venres de 16:00-17:00 horas e os mércores de 16:00 a 18:00 horas. Debendo previo ao uso, indicar quen será o/s responsable/s nas citadas actividades, que deberá estar presente, no horario autorizado.  
2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.  
3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para as citadas actividades e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes das devanditas actividades.  
4.- Comunícaselles que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”
- **6ª Resolución con data 21/09/2022** -“1.- Aprobación da coorganización coa Asociación Special Olímpics Galicia, para a celebración da 10º MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 2 de outubro do presente ano.  
2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representada a Asociación solicitante e a Fundación de Deportes, con un representante de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.



- 3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, e pola outra parte a Eunice Mosquera Arnos, directora técnica da Asociación Special Olímpics Galicia.”
- **7ª Resolución con data 21/09/2022** -“1.- Autorización en precario a D. Manuel Crespo Sobral e/r dun grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Guillán, para poder levar a cabo a práctica deportiva de bádminton, os luns e mércores de 20:00-22:00 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.
- 2.- Comunicarlle que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné da Fundación de Deportes e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (faise constar que a devandita fianza está ingresada da tempada anterior), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.
- 3.- Comunicarlle que previo ao uso da instalación, deberá presentar a través da sede electrónica, unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), indicando de ser o caso, as persoas que posúen Carné da Fundación de Deportes, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.
- 4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándosele automaticamente a súa autorización.”
- **8ª Resolución con data 27/09/2022** -“1.- Ratificación da autorización á Asociación Deportiva 6D, do uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo e do Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “X CAMPUS INTERNACIONAL DE FÚTBOL PABLO COIRA”, que se levou a cabo as semanas do 4 ao 8 de xullo do presente ano, de 10:00-13:00 horas e

do 11 ao 15 de xullo do presente ano, de 10:00-13:00 horas e de 16:30-18:00 horas. Así como faise constar que apertura no horario de tarde xerou a realización de ½ hora extraordinaria, para un total de cinco días, dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 27,43 € polas 2½ horas (10,97 €/hora).

2.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

- a) Establécese o 50% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.
- b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 10 becas (de 100 prazas ofertadas), para a inscrición de dez alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

Faise constar que o club presentou o número total de 95 inscritos/as no devandito Campus, cun total de recadación polas citadas solicitudes de inscrición de 17.010,00 € e segundo o que establece o artigo 8 do citado Acordo Regulador que a continuación se indica.

#### **“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

##### **TARIFAS:**

Tarifa Mínima	% S/Ingresos
<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
<b>Instalacións exteriores .....</b>	<b>6,00            10%</b>
Instalacións interiores .....	9,00            10%

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte.”

Polo que para o cálculo do prezo público considerase por un lado o uso das citadas instalacións, sendo as cotas do prezo público correspondentes conforme ao sinalado no parágrafo anterior, por importe total de 225,22 € (50% dun total de 450,43 €, de: 420,00 €, polo uso dos 2 campos de fútbol, dun total 35 horas a 6,00 €/hora cada campo; 30,43 €, polas 2½ horas fora de horario de tarde a 0,60 €/hora cada campo e as 2½ horas extras dun operario-conserxe a 10,97 €/hora); Por outro lado o 50% do 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición, por importe de

850,50 € (recadación total de 17.010,00 € dos inscritos/as no Campus). **En consecuencia deberá ingresar un importe total de 1.075,72 €** (225,22 € polo prezo público do uso das instalacións deportivas, máis 850,50 € polo 50% do 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición), na conta da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053).

3.- Faise constar que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento, o devandito clube, presentou a seguinte documentación:

3.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

3.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).”

- **9ª Resolución con data //2022** -“1.- Autorización á Real Federación Galega de Fútbol, o uso do Estadio Municipal de A Lomba, para a celebración da Copa Rexións da UEFA, os vindeiros 6, 9 e 12 de outubro do presente ano, no horario que se indica a continuación:

<u>DÍAS</u>	<u>HORAS</u>
06/10/2022	a partir das 16:00 horas
09/10/2022	a partir das 14:00 horas
12/10/2022	a partir das 14:00 horas

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a colaboración do persoal do Servizo de Mantemento dispoñible durante o desenvolvemento do devandito evento.

4.- Autorizar a citada Federación a realización dos traballos de acondicionamento e mellora do terreo de xogo en coordinación co Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes.

5.- Comunicarlle ao Club Arosa S.C., que segundo o calendario oficial de competicións, o equipo Xuvenil tería un encontro no citado campo, o fin de semana do 8-9/10/2022, o cal terase que desprazar a outra instalación, para a celebración do citado evento.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das Instalacións Deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio da celebración da citada actividade ( data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.

Así como lémbreselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.”

#### **B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 02/09/22** .-“1.- Aprobación do orzamento de gastos para a organización da XI TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA, CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO ano 2022, por importe total de 24.709,30 € e, co seguinte desglose:

<b>CONCEPTO</b>	<b>MORTE</b>	<b>PARTIDA</b>
Control e dirección de carreira	12.849,30 .-	342-226,09
Camisetas agasallo aos participantes	1.600,00 .-	342-226,09

Taxas Portos de Galicia	60,00 .-	342-226,09
Avituallamentos	700,00 .-	342-226,09
Servicios Federación Galega de Triatlón	1.600,00 .-	342-226,09
Difusión de imaxes da proba	1.000,00 .-	342-226,02
Aluguer de 350 valadas	2.300,00 .-	342-226,09
Seguro accidentes para os voluntarios	300,00 .-	342-224,00
Servicio de ambulancia	1.300,00 .-	342-226,09
Médico	800,00 .-	342-226,09
Trofeos	400,00 .-	342-226,9901
Imprevistos	600,00 .-	342-226,09
Premios en metálico	<u>1.200,00 .-</u>	342-481,00
Total .....	24.709,30 €	

2.- Aprobar a Provisión de Fondos e o seu recoñecemento de obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, para o pagamento do gasto dos Premios en Metálico, por importe total de 1.200,00 €, con cargo á partida 342-481,00.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición para os Equipos Senior, tanto da proba Open como o Campionato Galego Absoluto, conforme ao regulamento que establece a citada cota por importe de 60,00 €/equipo e, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13: “**FIXACIÓN DO PREZO**”, que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.”

- **2ª Resolución con data 02/09/2022** -“1.- Adxudicación ás empresas/Entidades que a continuación se relacionan, polos conceptos de gastos para a organización do XI TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA-CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO, ano 2022, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. presidente con data 02/09/2022, por importe total de 15.877,11 €, con cargo á partida 342-226,09 e, co seguinte desglose:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
MULTISPORTS GALICIA, S.L.U.	Dirección e control da Proba e Camisetas agasallos participantes	14.516,98 .-
AMBULACIAS DO NORDÉS, S.L.	Servizo de Ambulancia	1.300,00 .-
PORTOS DE GALICIA	Taxa Portos de Galicia (Procedemento AF500A)	60,13 .-
	Total .....	<u>15.877,11 €</u>

2.- Aprobar o recoñecemento de obriga e pagamento por anticipado a favor de Portos de Galicia, pola Autoliquidación da taxa do procedemento IF500A (autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da comunidade autónoma de

Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas), por importe de 60,13 €, con cargo á partida 342-226,09.”

- **3ª Resolución con data 23/09/2022** -“1.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Mª Mónica María Miguéns Iglesias, do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación, modalidade de Salvamento, ano 2022, do súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

2.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Cristina Pérez-Salgado Fraga do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación, modalidade de Vela, ano 2022, do súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.”

- **4ª Resolución con data //2022** -“1.- Adxudicación as empresas/Entidades que a continuación se relacionan, polos conceptos de gastos para a organización do XI TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCIA CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO, ano 2022, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. presidente con data 02/09/2022, por importe total de 3.976,90 €, co seguinte desglose:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
BAYGAR, S.L.	Aluguer de valadas	2.292,95 €	342-226,09
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis.trofeos	400,00 €	342-226,9901
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN	Canon e xuíces	1.283,75 €	342-226,09
<b>TOTAL</b>		<b>3.976,70 €”</b>	

#### **C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 05/09/22** .-“ 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da factura nº CI0919627857 a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, periodo do 08/06-07/07/2022, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 05/09/2022, por importe de 294,80 €, con cargo á partida 342-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.”
- **2ª Resolución con data /30/09/2022** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de setembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 5.359,79 €.”
- **3ª Resolución con data 30/09/2022** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de setembro, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 12.610,65 €, que a continuación se relacionan:

- 1.- Recoñecemento da obriga a favor de ANDACAR 2000,S.A, pola factura nº V220 12753, correspondente ao subministro dun VEHÍCULO PARA A FUNDACIÓN DE DEPORTES, ATRAVÉS DUN RENTING CON MANTEMENTO, mes de agosto, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/07/2022, por importe total de 502,15 €, con cargo á partida 342-204,00.
- 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BAYGAR, S.L., pola fra. Nº 948 221205020, correspondente ao aluguer das valadas, pola celebración da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022 e conforme informe da dirección deportiva, por importe de 1.282,60 €, con cargo á partida 342-226,09.
- 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22291, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de agosto, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada da súa adxudicación, por importe de 3.570,00 €, con cargo á partida 342-227,9902.
- 4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nºA 22304, pola realización das 3 SEGAS EXTRAORDINARIAS a maiores do terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, mes de agosto, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, por importe de 534,01 €, con cargo á partida 342-227,9902.
- 5.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB PIRAGÜISMO VLAGARCÍA, pola factura nº Emit-5, correspondente ao desenvolvemento da Escola Municipal de Navegación, modalidade de piragüismo, mes de agosto, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/07/2022, por importe total de 1.100,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.
- 6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 95, correspondente á adquisición de trofeos para a entrega de premios, pola celebración do XXXVIII TRAVESÍA A NADO AO PORTO DE VILAGARCÍA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/06/2022, por importe de 733,60 €, con cargo á partida 342-226,9901.
- 7.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINOC 2292, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE

DEPORTES)", 3º trimestre (xullo, agosto e setembro), ano 2022 aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/10/2021, por importe total de 1.875,50 €, con cargo á partida 342-227,9902.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERVICIO CULTURA DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., pola fra. Nº 37/F2022/00000026, correspondente as 33 sesións da actividade de Ximnasia Acuática, meses de xaneiro, febreiro e marzo, ano 2022, incluída no PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA ADULTOS, CURSO 2022, aprobado polo Consello Reitor con data 16/12/2021, por importe de 643,50 €, con cargo á partida 342-226,09.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERVICIO CULTURA DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., pola fra. Nº 37/F2022/00000027, correspondente as 19 sesións da actividade de Ximnasia Acuática, meses de abril, maio e xuño, ano 2022, incluída no PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA ADULTOS, CURSO 2022, aprobado polo Consello Reitor con data 16/12/2021, por importe de 624,00 €, con cargo á partida 342-226,09.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MULTISPORTS GALICIA, S.L., pola factura Emit-228, correspondente ao control da proba mediante chips da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022, por importe de 1.714,14 €, con cargo á partida 342-226,09.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45167604, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº 51397023, correspondente á contratación da Póliza do seguro para os voluntarios na celebración da XI TRIATLÓN COCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. presidente con data 02/09/2022 e conforme informe da dirección deportiva por importe de 31,15 €, con cargo á partida 341-224,00."

**D.- Outros:**

Non existen

O Consello Reitor queda sabedor.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS NORMAS REGULADORAS DO CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2023.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das normas reguladoras do Carné da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2023, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 do prezo público pola utilización das Instalacións Deportivas



Municipais de Vilagarcía de Arousa e outros Servizos, así como do modelo de Solicitud/Renovación do devandito Carné.

A Sra. secretaria/delegada sinala que o modelo de solicitud/renovación para este ano, unificase para poder crea-lo como formulario dinámico e así, se poida cubrir directamente polo usuario no momento de realizar o rexistro sen necesidade de descargalo previamente.

O Consello Reitor acorda por unanimidade aprobar as NORMAS REGULADORAS DO CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ano 2023, así como o modelo de Solicitud/Renovación do devandito Carné, que se poderá presentar a partir do 1 de decembro de 2022, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30006.

#### **4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS CONCESIÓN E O SEU RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DE SUBVENCIÓNS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2022 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2021.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da única solicitud presentada polos Clubes/Entidades Deportivas, para a aprobación da concesión e o seu recoñecemento da obriga, conforme as BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2022 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2021, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 03/05/2022 e e publicado o anuncio no B.O.P. con data 12/05/2022, no que indica que “de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuio texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS-<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es>), convocatoria identif.:625753), cunha consignación por importe total de 19.981,68 € (debido á redución realizada polo expediente de modificación de crédito aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/10/2022, por importe de 10.018,32 €). Así como dáse conta dos informes de intervención e secretaría delegadas e proposta de concesión do Sr. presidente.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Conceder subvención ao Club/Entidade Deportiva: ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ENCESTARIAS, pola organización do VI TORNEO ENCESTARÍAS ACB, conforme as devanditas bases, por importe de 8.000,00 €, con cargo á partida 341-483,01.

2.- Anular parte da subvención concedida ao devandito Club/Entidade Deportiva, conforme ao artigo 6.4 das citadas bases, que dí literalmente o seguinte: 6.4 d.- "... O importe dos gastos xustificadas deberá alcanzar o 100% do balance de gastos e ingresos presentado na súa solicitude obxeto da subvención, será necesario a presentación da totalidade das facturas e, o xustificante de pago dalgunhas das facturas ata completar un importe igual ou superior á subvención concedida ou, no seu caso, á suma da totalidades de todas as subvencións concedidas polas administración públicas. No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención". Dado que xustifica correctamente un importe total de 27.05,50 € das facturas presentadas e, de acordo ao seu balance económico presentado por importe total de 29.774,44 €, resulta de aplicación un 90,73% de recoñecemento de obriga e, unha redución do 9,27% do importe da subvención concedida, polo que se acorda:

2.1.- Anular parcialmente a concesión de subvención aprobada ao devandito Club/Entidade Deportiva, por importe de 741,60 € (9,27%), con cargo á partida 342-483,01.

2.2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do citado Club/Entidade Deportiva, por importe de 7.258,40 € (90,73%), con cargo á partida 342-483,01.

3.- Aprobar que o importe de 12.723,28 €, sobranste da partida económica consignada para a presente convocatoria de subvención, con cargo á partida 342-483,01, incremente a convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2022, correspondente á Tempada 2020/21 ou, ano 2021, con cargo á partida 342-483,00 por vinculación.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2022, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2020/21 OU, ANO 2021.**

Dáse conta das solicitudes de subvención presentadas, polos Clubes/Entidades Deportivas, conforme ás bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2022, correspondente á Tempada 2020/21 ou, ano 2021, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 03/05/2022 e publicado o anuncio no B.O.P. con data 12/05/2022, no que indica que "de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuio texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS-<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es>), convocatoria identif.:625646). Así como dáse conta dos informes da Sra. secretaria/delegada en relación ao

asunto, no que figura a puntuación correspondente, resultante da documentación aportada e da aplicación das devanditas bases.

Procédese a examinar todos os expedientes do Clubes/Entidades Deportivas, nos que no informe da Sra. secretaria/delegada, existen erros e/ou sinala que non procede a concesión de subvención e os seus motivos.

A Sra. secretaria/delegada sinala que o certificado presentado polo Os Ingleses Rugby Club da Federación Galega de Rugby, tanto no prazo de solicitude como na súa subsanación, detectase unha sinatura dixital que non é posible corroborar a súa autenticación.

Retírase o Sr. Santorum ás 21:08 horas, dado que considera que non debe estar presente na decisión que se adopte sobre o citado expediente ao ser parte implicada.

Intervén o Sr. presidente que manifesta que conforme ao informe técnico, o certificado presentado polo Os Ingleses Rugby Club non se pode imputar ao citado club, dado que a sinatura dixital é da Federación Galega de Rugby, polo que considera se debe aprobar a súa solicitude de concesión.

O Sr. Vilas intervén para sinalar que se deben cumprir as bases, polo que está de acordo co Sr. presidente que se debe aprobar a concesión do devandito club ao non ser imputable a el, o non poder comprobar a sinatura do citado certificado.

Despois dun pequeno debate sobre asunto os membros presentes do Consello Reitor toman a decisión de aceptar o certificado presentado polo Os Ingleses Rugby Club.

Incorpórase o Sr. Santorum ás 21:17 horas.

Continúa a Sra. secretaria/delegada sinalando que de acordo ao ser informe e, unha vez aclarado e comprobados os calendarios de competición da tempada 2020/21 da Federación Galega de Baloncesto, a puntuación resultante ao BASKET BASE CLUB é de 177 puntos.

Interven o Sr. Vilas, como representante do Consello Consultivo, que manifesta que non queremos que ningún Club/Entidade Deportiva quede sen subvención, pero consideran que se debe ser estrictos no cumprimento das bases.

O Sr. Penas manifesta que se debe apoiar a todos os Clubes/Entidades Deportivas, axudandoos para que presenten correctamente a documentación, para que se poida conceder subvención a todos os Clubes/Entidades Deportivas.

A Sra. secretaria, sinala que xa non ve ningunha outra maneira de poder axudar que esté en nosas máns e, lembra que as bases de conformidade á Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, están en réxime de concorrencia competitiva, polo que a toma de decisións afecta economicamente a todos os Clubes/Entidades Deportivas beneficiarios.

O Sr. presidente indica que de acordo ás devanditas bases se debe aprobar a puntuación a conceder no apartado Outros e, dado que neste exercicio, os Clubes/Entidades Deportivas non presentan ningún logro destacable superior a un Campionato de España,

propón que non se conceda ningunha puntuación neste apartado. Así como no relativo á puntuación mínima, débese decidir cal. Asemade considera que procede conceder subvención a todos aqueles que presentaran correctamente a súa documentación conforme aos informes técnicos.

O Sr. Vilas sinala que se debe seguir o criterio dos exercicios anteriores, polo que ao non existir ningún logro superior ao que xa é puntuado nas bases, non procede ningunha concesión de puntuación a maiores. Así como en relación a puntuación mínima, debería ser a puntuación que obteñen conforme as bases.

Despois dun pequeno debate sobre os asuntos, os membros do Consello Reitor por unanimidade deciden:

. Non conceder ningunha puntuación a maiores no apartado outros ao non existir ningún logro destacable conforme as devanditas bases

. Que a puntuación mínima sexa a que alcance cada Club/Entidade Deportiva segundo a valoración establecida nas citadas bases.

. Aprobar conforme informes técnicos as concesións das subvencións.

Despois dun amplo debate e unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar as solicitudes de subvencións que a continuación se indican, calculado o valor do punto, resultando a cantidade de 48,50 €/punto (de 94.723,28 €), ao incrementarse a partida en 12.723,28 € da partida 342-483,01, unha vez aprobada a única concesión de subvención conforme as bases da convocatoria de subvencións destinadas á organización de actividades deportivas extraordinarias, exercicio 2022, realizadas durante o ano 2021, que multiplicada polos puntos outorgados a cada unha das solicitudes, conforme á baremación feita pola administrativa/xestora e o acordado polo Consello Reitor, conforme informe da Sra. secretaria/delegada, as subvencións outorgadas a cada unha das solicitudes é a seguinte, con cargo á partida 342-483,00:

<b><u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u></b>	<b><u>PUNTOS</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
CLUB VILAGARCÍA S.D.	98	4.753,00 .-
CLUB DEPORTIVO PÉREZ-SUB	30	1.455,00 .-
OS INGLESES RUGBY CLUB	82	3.977,00 .-
CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA, S.D.	96	4.656,00 .-
CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA	100	4.850,00 .-
CLUB XIMNASIA RITMICA VILAGARCIA	10	485,00 .-
CLUB AROSA, S.C	235	11.397,50 .-
CLUB CICLISTA XIABRE	6	291,00 .-
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	68	3.298,00 .-
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D	80	3.880,00 .-

CLUB XADREZ FONTECARMOA	150	7.275,00 .-
ASOCIACIÓN DEPORTIVA AROUSA FUTBOL 7	27	1.309,50 .-
CLUB DE BALONMANO AROUSA	69	3.346,50 .-
AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	203	9.845,50 .-
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	101	4.898,50 .-
BASKET BASE CLUB	177	8.584,50 .-
CLUB SAN MARTIN	122	5.917,00 .-
CLUB POLIDEPORTIVO C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL	44	2.134,00 .-
ASOCIACIÓN DEPORTIVA CULTURAL VILAGARCÍA ESGRIMA	25	1.212,50 .-
CLUB PIRAGÜISMO VILAGARCÍA	49	2.376,50 .-
CLUB VILAROUSA GIMNASIA	84	4.074,00 .-
CLUB KENPO VILAGARCÍA	97	4.704,50 .-
TOTAIS (PUNTOS/IMPORTE)	1.953 PTOS	94.720,50 €

2.- Non conceder subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, conforme ao apartado 8 das devanditas bases que dí literalmente o seguinte: “**8.- TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES E APROBACIÓN DAS CONCESIÓN DE SUBVENCIONS:** A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo improrrogable de **DEZ DÍAS hábiles** a partir da data da recepción da notificación telemática, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude archivarase sen máis trámite”. Posto que unha vez finalizado o prazo de subsanación, non corrixiron, ou non presentaron ou foi presentada fora de prazo a documentación que se lle requirira:

**CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA:**

MOTOCLUB VFM

AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ

CLUB DE REMO VILAXOÁN

CLUB OLIMPIC VILAGARCÍA

CLUB VILAGARCÍA TENIS DE MESA

3.- Conforme as devanditas bases e o acordo do Consello Reitor en sesión con data 09/06/2022, polo que se leva a cabo a corrección do erro do límite de pagos en efectivo, os Clubes/Entidades Deportivas anteriormente indicados no punto 1, deberán presentar a Conta Xustificativa con toda a documentación que se lle require nos apartados 9.- NOTIFICACIÓN E

XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA) e, 10.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA, que dín literalmente o seguinte:

**“9.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA):**

Unha vez aprobada a subvención, será notificada telemáticamente aos/ás interesado/as, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante. (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), para proceder á presentación da Conta Xustificativa.

O importe dos gastos xustificadas deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención, así como a subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do importe total do balance de gastos presentado.

A confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións contratada por esta Fundación de Deportes, para axudar aos Clubes/Entidades Deportivas a correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición a **Conta Xustificativa e anexos nos modelos normalizados**. Na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xenerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal do Club/Entidade Deportiva e, rexistrarse na Sede electrónica da Fundación de Deportes.

Os Clubes/Entidades Deportivas deberán **presentar a seguinte documentación**, referida á **tempada 2019/20, dende o 1 de agosto de 2020 ao 31 de xullo do 2021** e, se a **actividade deportiva se desenvolve no ano natural**, corresponderá ao **ano 2021**:

9.1.- **Anexo II.-** Conta Xustificativa debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante e, na que figura unha declaración xurada na que se sinala:

a) O número BIC e IBAN da conta bancaria da que son titulares e, no caso de que exista cambio da Conta Bancaria xa comunicada á Fundación de Deportes, deberá presentar impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figuren o Club/Entidade Deportiva como titular e o seu nº BIC e IBAN da súa conta bancaria.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social, Axencia Tributaria e, coa Consellería de Economía e Facenda, no caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. Así como, no caso que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requirirá aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.

c) As axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade.

d) Que adopta o compromiso que fundamenta o recoñecemento da obriga da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Que se fixo a debida divulgación do financiamento da Fundación de Deportes na actividade subvencionada.

f) Que o Club/Entidade Deportiva ten cumprido o obxecto da subvención concedida para a devandita actividade.

**9.2 Anexo III.-** Relación de facturas de gastos realizados nas actividades obxecto da subvención, (deberase cubrir todas as columnas do anexo) e asinada dixitalmente polo representante, conforme ao sinalado no apartado 6.2, ordenada por conceptos (segundo balance gastos e ingresos presentado) e dentro deste, por proveedor (nº factura e data, de mais antiga á mais nova), acompañada de todas as facturas (co mesmo orde indicada na relación) e o seu correspondente xustificante de pago detrás da súa factura, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a) Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada.

b) Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.

c) Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.

d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 1.000,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021, de 9 de xullo de 2021, que modifica o artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente, pasando o límite de 2.500,00 € a 1.000,00 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo. No resto dos casos o pago acreditarase por calquera dos seguinte medios: certificados do proveedor, factura simplificada ou de caixa, indicación na factura do pago asinado pola persoa responsable co seu nome e apelidos e/ou DNI ou, por transferencia bancaria co selo bancario.

Aceptaranse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade. Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descrición do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.

Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistras directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan

indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

**IMPORTANTE:** Tendo en conta que a presentación telemática impide a presentación de orixinais ou copias compulsadas, a Fundación de Deportes, a través do persoal correspondente, poderá solicitar a presentación física das facturas orixinais e xustificantes de pago orixinais presentados, aos efectos do cotexo de datos.

9.3 **Anexo IV.-** No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante, onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na Fundación de Deportes. O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.”

#### **“10.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA:**

10.1.- A Conta Xustificativa con toda a documentación requirida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos, CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES, no REXISTRO ELECTRÓNICO. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a xustificación sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que o presidente e/ou a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático, dispoña de sinatura electrónica, así como deberá/n acreditar a súa representación por calquera medio admisible en dereito.

#### **Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico da Fundación de Deportes:**

Tendo en conta que o rexistro electrónico da Fundación de deportes non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

1º) Un pdf por cada anexo:

a) Anexo II: Conta Xustificativa

b) Anexo III: Relación de Facturas

c) Anexo IV: Certificación dos gastos presentados noutras administracións públicas

2º) Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que non autoricen a consulta por parte da Fundación de Deportes.

3º) Un pdf coas facturas escaneadas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o



xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc.).

Os distintos arquivos dos pdfs deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.

10.2.- Efectuada a notificación das concesións de subvencións, abriase un prazo de **15 días Naturais**, contados a partir do día seguinte da recepción da notificación telemática, para presentar a Conta Xustificativa, con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención.”

4.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación dos Recoñecementos da Obriga de todos aqueles Clubes/Entidades Deportivas que teñan correcta a súa documentación xustificativa.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

- Intervén o Sr. Vilas que manifesta que a xustificación do apartado de promoción do deporte inclusivo nas bases da convocatoria de subvencións do deporte federado, deberíase revisar, dado que no modelo normalizado de certificado que se remite ás Federacións Deportivas non ten cabida en ningún apartado. Así como sinala que entende de acordo a Lei de Procedemento Administrativo Común, a documentación a maiores que se presenta unha vez finalizado o prazo de solicitude, deberíase admitir, dado que a citada Lei, indica que o interesado mentras non exista un acto administrativo pode adxuntar documentación ao seu expediente.

A Sra. interventora/delegada, sinala que non só hai que aplicar a Lei de Procedemento Administrativo, senon, tamén a Lei de Subvencións, que é moito máis restritiva e, as bases aprobadas para tal fin, no que indica que a documentación se teña que presentar nun prazo concreto.

A Sra. secretaria/delegada, respóndelle que os artigos da Lei de Procedemento Administrativo, refírense para solicitudes que presentan e, non se poiden aplicar aquelas que teñen prazos establecidos.

A Sra. Granja pregunta como está a situación da Licitación do Contrato de Mantemento Vexetal. Así como roga si se pode instalar unha grada a maiores no Pavillón Municipal de Castelao, dado que este fin de semana as existentes eran moi escasas, estando moitas persoas do público nun partido de pé.

O Sr. presidente contéstalle no relativo á licitación, que neste momento o Departamento de Contratación está atascado, debido a que teñen moitos expedientes que se teñen que licitar antes de finalizar este exercicio. Con respecto á solicitude dunha grada a maiores no Pavillón Municipal de Castelo, lémbrale que esta instalación deportiva, ten un grave problema de aforo, ao ser este como máximo para 100 persoas.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e quince minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.